

INFORME PRELIMINAR
SOBRE OS VALORES NATURAIS DA ÁREA AFECTADA POLA
MODIFICACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE
PLANEAMENTO DO CONCELLO DE BARALLA
no ámbito
DA CANTEIRA PROXECTADA POR CANTEIRAS DO PENEDO
S.A. (CANPESA), NA PARROQUIA DE VALE

O presente informe redáctase por encomenda da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) en relación coa explotación mineira que se pretende autorizar na parroquia de Vale (Concello de Baralla, Lugo), para o que o goberno municipal está a tramitar una modificación das súas Normas de planeamento urbanístico.

O lugar afectado pola canteira proxectada pola empresa Canteiras do Penedo S.A. na parroquia de Vale (Baralla) encóntrase situado na ladeira norte do val do Rego das Fontes, no denominado Monte das Labradas. O citado rego é tributario indirecto do río Neira, enmarcado a súa vez no extremo NE do val do río Miño.

A explotación mineira caracterízase, en termos xerais, por afectar ao propio cauce do rego das Fontes, así como a unha ladeira de elevada pendente con asomos de rocha calcaria.

Os asomos ou afloramentos calcarios son extremadamente raros en Galicia e ocupan aproximadamente un 0,52% do seu territorio, distribuídos en bandas polo extremo oriental do país, onde xogan un importantísimo papel na diversificación de flora e da vexetación (Parga Pondal, 1982; Giménez de Azcárate & Amigo, 1996). Cumpre destacar que a existencia de afloramentos calcarios no vale do Miño, e por tanto no Sector Bioxeográfico Galego-Portugués, é extremadamente escasa, e por tanto de especial singularidade.

Nunha prospección botánica realizada a finais do inverno de 2015 aos asomos calcarios da parroquia de Vale, foi detectada a existencia de comunidades rupícolas que representan o Hábitat de Interese Comunitario denominado Pendentes rochosas calcícolas con vexetación casmofítica (código 8210, Anexo I da Directiva 92/43/CEE),

así como varias cavidades profundas que constituirían outro Hábitat de Interese Comunitario denominado Covas non explotadas polo Turismo (código 8310). Ambas aperecen mesturadas entre matogueiras secas europeas de toxos e queirugas (Hábitat de Interese Comunitario código 4030), espiñeirais dominados por abruñeiros (*Prunus spinosa*) -que probablemente se adscriban á asociación *Rubus ulmifolii-Tamietum communis*-, e con prados secos seminaturais con *Brachypodium* sp., que poderían constituír o tamén Hábitat de Interese Comunitario código 6210, catalogado como Prados secos seminaturais e facies de matogueira sobre substratos calcarios (*Festuco-Brometalia*, paraxes con notables orquídeas). Ademais, no fondo do vale, nas ribeiras do Rego das Fontes, encóntranse probables representacións de bosque de ribeira, Hábitat de Interese Prioritario na citada Directiva europea, co código 91E0.

Con anterioridade, apenas encontramos referencia aos hábitats naturais existentes na área afectada pola canteira, no texto da Decisión do 5 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratéxica da Modificación puntual das normas subsidiarias municipais en Sixirei e Vale no concello de Baralla (Lugo), onde unicamente se apunta á existencia dun destes hábitats (código 4030), así como dun segundo (matogueiras oromediterráneas endémicas con toxos, código 4090), que en realidade semella inexistente na área de estudo. A presenza de hábitats relacionados co substrato calcario, raros en Galicia, semella completamente descoñecida ou omitida.

Neste contexto, e a pesar de tratarse de datas pouco favorables para recoñecemento da flora, na prospección realizada encontráronse taxóns basófilos ou calcícolas como *Acinos alpinus*, *Anthyllis vulneraria*, *Erinus alpinus*, o fento *Ceterach officinarum*, *Geranium sanguineum* ou *Sanguisorba minor*. Non se debe desbotar a posible presenza de certas plantas incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), caso de *Leontodon farinosus* ou *Campanula adsurgens*, como tamén pon de manifesto o citado informe da DXCN, aínda que sen acentuar a relevancia que merecerían.

No que respecta á fauna, a existencia de cavidades naturais poderían albergar refuxios de vital importancia para varias especies de morcegos carvernícolas ameazados (p.ex. *Miniopterus schreibersii*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *R. euryale*, *R. hipposideros*...) e

incluídos tanto no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) como nos Anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE. En ditas cavidades tamén poderían existir xacementos arqueolóxicos e paleontolóxicos de primeira orde, como acontece en covas do contorno xeográfico próximo (Becerreá...).

En resume, a zona afectada pola canteira proxectada alberga unha especial singularidade no contexto xeográfico de Galicia, cabendo presumir que na tramitación da modificación do planeamento de Baralla non se terían levado a cabo os traballos de prospección e caracterización necesarios para determinar o alcance dos valores naturais existentes, que en calquera caso xa foron descritos de maneira deficiente na Declaración de Efectos Ambientais formulada o 20 de xuño de 2005 en relación coa dita canteira.


En definitiva, da prospección preliminar realizada despréndese a existencia de importantes recursos e valores naturais aínda non ben valorados, que deben ser ben caracterizados e inventariados antes de examinar a oportunidade da modificación das Normas Subsidiarias do concello de Baralla, así como principalmente da execución do proxecto de canteira, que sen dúbida destruíría completamente a xeomorfoloxía e a vexetación desta singular área, para a que ademais se propoñen accións de restauración xeralistas e completamente descontextualizadas con respecto a situación inicial e actual do vale do Rego das Fontes.

Referencias

Giménez de Azcárate J. & Amigo J. 1996. *Inventario da flora vascular de afloramentos calios de Galicia (Pteridophyta e Spermatophyta)*. Cadernos da Área de Ciencias Biolóxicas. Inventarios XII. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. O Castro-Sada, A Coruña.

Parga Condal I. 1982. Mapa geolóxico del macizo Hespérico E.1:500.000. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Area de Xeoloxía e Minería. Ed. Do Castro. Sada, A Coruña.

En Vigo, a 22 de marzo de 2015

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Jorge Mouriño', written over a horizontal line.

Asdo: Jorge Mouriño Lourido
Biólogo-consultor desde 1991, colexiado no Colexio Oficial de Biólogos de Galicia co número 19234-x